

RESUMO DE CONTIDOS

Somos persoas instrutoras!

Língua Galega e
Literatura

5º EP



Índice

Os textos instrutivos.....	2
Unha curiosidade: os bloques dialectais.....	2
Lembramos os substantivos.....	2
E ti que falas?.....	3
Conexión.....	3
Manual de canles de comunicación.....	3
Canles de comunicación oral.....	4
Canles de comunicación escrita.....	5
Guía da nosa lingua e a fala de cada quen.....	5
A diversidade polo Camiño Francés de Santiago.....	6
Que é o dialectalismo?.....	7
A guía do dialectalismo polo Camiño Francés de Santiago.....	7
Etapa 1: entrada en Galicia dende El Bierzo. O bloque oriental.....	7
Etapa 2: o Camiño polo bloque central galego.....	8
Etapa 3: chegada a Santiago e a Fisterra. Bloque occidental.....	8
Construción de palabras – Separación de palabras.....	8
Ditongos.....	9
Diferenza entre textos literarios e informativos.....	10
O substantivo.....	10
Tipos e a súa clasificación.....	10
Regras ortográficas.....	11
A acentuación.....	11
Maiúsculas e minúsculas.....	12

Os textos instrutivos

Está moi de moda a cultura de “Faino ti mesmo” ou a de montalo ti mesmo. Seguro que tes visto tendas de montaxe de mobles no que un papel nos guía paso a paso para saber como facelo. Os textos instrutivos teñen a peculiaridade de indicar os pasos a seguir para realizar algún tipo de cometido. O seu obxectivo principal é que a persoa que os lea comprenda os pasos a seguir para realizar a acción para a que foron creados.

Para realizar un texto instrutivo correctamente debemos ter en conta certas características.

- Verbos de acción: palabras que nos indican movemento pero en imperativo como: mestura, corta, pega, enrosca...
- Secuencia lóxica: As instrucións deberían estar organizadas nunha orde lóxica para que nos leven ao obxectivo.
- Non é obrigatorio pero ás veces a inclusión de imaxes ou gráficos axudan a entender mellor os pasos a seguir.
- Incluímos os materiais ou cousas que se poden precisar.

E por suposto... escribímolos en galego!

Unha curiosidade: os bloques dialectais

O galego é unha lingua que se fala en Galicia. Hai uns 2,4 millóns de persoas que a falan.

É unha lingua románica é dicir, descende do Latín que falaban os romanos. No pasado, os galegos e os portugueses falabamos de maneira parecida porque a orixe das nosas linguas é a mesma.

A [Real Academia Galega](#) axuda a establecer as normas da nosa lingua, para que todos a falemos do mesmo xeito.

Sabías que aínda falando a mesma lingua non todos falamos igual? Sorprendente! a que si!

Poden delimitarse tres grandes complexos lingüísticos ou bloques: occidental, central, e oriental.

Lembramos os substantivos

Lembra que é un tipo de palabra que utilizamos para referirnos a seres vivos, cousas inanimadas (sen vida), ou incluso conceptos abstractos. Os primeiros que seguro

aprendiches son os comúns ou os propios. Os substantivos comúns designan persoas animais ou cousas de xeito xenérico. Pola contra os propios axudan a identificar algo concreto entre os dunha clase.

E ti que falas?

En Galicia temos moita sorte porque somos bilingües falamos o galego e o castelán. Ademais nas escolas tamén se estuda o inglés e seguramente teñas escoitado outras linguas diferentes como son: o portugués falado en Portugal pero tamén en moitos outros lugares do mundo como Brasil, Angola, Macao ou Cabo verde; o francés falado en Francia pero tamén en Bélxica, Guinea Ecuatorial ou Canadá entre outros. En Europa tamén se falan outras linguas como alemán, o grego, o italiano...

Conexión

Cando collemos un avión, antes de arrincar sempre recibimos unhas indicacións para casos de emerxencia. É moi importante prestar atención a esas indicacións para saber que facer se por exemplo o avión cae a auga, ou se perdemos a presión na cabina. Esa é unha das funcións dos textos instrutivos darnos a información concreta e específica que precisamos.


Ao longo deste apartado vas a ver moitos tipos de textos instrutivos: manuais, mapas, prospectos... Fíxate ben na súa construción e nas súas partes. Tamén en como tratan a información e en que estilo e formato a presentan.

Ademais, tamén aprenderás aspectos gramaticais que son moooi aburridos pero tamén moi importantes para aprender a escribir mellor e facernos entender correctamente

A que queres que se che entenda ben cando escribes ou cando contas algo? Imos aló!

Manual de canles de comunicación

Fíxate na imaxe unha persoa está dando instrucións a un robot, é o que se coñece como programar. Programar tamén se pode considerar un tipo de texto instrutivo. É algo máis técnico pero a persoa que programa ten que seguir unhas normas para que funcione o robot ou programa que está facendo e utilizar unha linguaxe ou código de programación axeitado.





O emisor sería a persoa que programa, o receptor sería o robot que recibe a programación. O programa ou programación sería a mensaxe. As mensaxes teñen un código, no caso do noso robot está recibindo a mensaxe en código de mBlock. A canle neste caso sería dixital. Non podemos

esquecer o contexto no que se está a producir esta comunicación.

Se o robot fai exactamente o que programou a persoa daquela, a mensaxe foi efectiva e houbo comprensión por parte do robot. A expresión e a comprensión son dúas partes básicas no proceso de comunicación. Expresar quere dicir que se comunican ideas. Comprender refírese a interpretar e entender as mensaxes de forma correcta. As dúas son básicas nas canles de comunicación oral e escrita.

Unha expresión axeitada facilita a transmisión de mensaxes de forma clara e sen malentendidos. A comprensión é moi importante no teu proceso de aprendizaxe. Ao entender conceptos e ideas mellorarás o teu coñecemento.

Canles de comunicación oral

Este tipo de comunicación implica o uso da voz por partes das persoas que se están a comunicar. A comunicación oral é unhas das maneiras máis sinxelas e naturais para o intercambio de información e ideas.

A interacción oral en grupo é unha boa maneira de practicar esas habilidades. Se a traballas conseguirás expresar mellor as túas ideas diante dun público.

É importante ter habilidades tecnolóxicas para poder usar a canle de comunicación oral que precisemos.

A elección da canle dependerá do contexto da comunicación e das dispoñibilidade de estar no mesmo lugar que as persoas implicadas.

Presencial: Comunicación directa, en persoa na mesma localización ou espazo físico.

- **Vantaxes:** Permite a interacción directa. Facilita a expresión de emocións. Favorece unha comunicación máis completa e rica.

- *Limitacións:* hai que estar no mesmo sitio ao mesmo tempo.

Telefónica: Realízase a través de dispositivos telefónicos.

- *Vantaxes:* posibilita a comunicación en tempo real sen necesidade de estar fisicamente presente.
- *Limitacións:* non ves a outra persoa, o que pode dificultar a comprensión completa. Dependes da calidade da cobertura e da conexión para ter unha boa comunicación.

Videoconferencia: Combina vídeo e audio para permitir a comunicación en tempo real a través de medios dixitais.

- *Vantaxes:* máis completa que a comunicación telefónica, ao poder ver a outra persoa. É útil para reunións cando non se pode estar fisicamente no mesmo lugar que as outras persoas.
- *Limitacións:* podes ter problemas de conectividade. A falta de contacto físico real pode facer que a comunicación non sexa de todo eficiente.

Canles de comunicación escrita

Existen diversas canles para expresar información por escrito:

Manuscrita: Trátase da escritura feita á man con bolígrafo, lapis ou outras ferramentas tradicionais.

- *Vantaxes:* implica un toque persoal e único á comunicación ao utilizar a túa propia letra. Normalmente utilízase para cartas, apuntamentos, notas e outros documentos de carácter máis persoal.
- *Limitacións:* é lenta e se non tes boa letra pode facer difícil entender a mensaxe.

Impresa: Referímonos á escrita impresa en impresoras ou máquinas automáticas frecuente en libros, xornais, revistas, folletos...

- *Vantaxes:* permite a reprodución e difusión rápida de información.
- *Limitacións:* produce custos elevados de produción (gasta papel, tintas...) e distribución xa que hai que levar os produtos finais a superficies de venta, librarías...

Dixital: Trátase das producións escritas a través de dispositivos electrónicos, como ordenadores, tabletas ou teléfonos intelixentes.

- *Vantaxes:* a difusión de información é moi rápida case en tempo real. permite a inclusión de imaxes, vídeos e outros elementos multimedia.
- *Limitacións:* depende da conectividade á rede.



Elixir unha ou outra canle escrita dependerá do contexto e de para quen vai dirixida.

Co avance da tecnoloxía, a comunicación escrita tamén evolucionou. Hoxe en día é posible incluso ditar oralmente a unha máquina para que tome as notas por nós. Sen dúbida isto está a transformar a maneira na que compartimos información.

Guía da nosa lingua e a fala de cada quen

Prepárate porque vas coñecer outro tipo de texto instrutivo: **a guía**.

Unha guía de viaxe é un tipo de texto instrutivo que busca axudarnos a coñecer mellor un lugar e a movernos por el. Pode conter mapas para chegar a lugares sinalados, recomendacións de lugares para visitar e ata curiosidades culturais, xeográficas... Un exemplo de guía podería ser o Códice Calixtino, unha das primeiras guías do Camiño de Santiago.

As **partes** dunha guía son

- Introducción.
- Descrición do destino.
- Como chegar ao destino.
- Actividades e atraccións.
- Intendencia/organización.
- Contacto e axuda.

As **características** técnicas que adoitan ter son:

- Linguaxe clara e precisa (oración curtas) con verbos en presente, no infinitivo ou instrucións en imperativo. Ex. Comede no albergue...
- Marcadores de ordenación temporal e cronolóxica (en primeiro lugar, despois...).
Marcas gráficas para indicar diferentes pasos como poden ser números ou frechas.
- Deseño con textos en letras grosas ou tamaños diferentes e con axudas gráficas como fotografías, debuxos ou diagramas.

A diversidade polo Camiño Francés de Santiago

Todas as viaxes teñen un comezo, e a túa comeza en Europa. Ao longo do Camiño de Santiago, foron chegando a España e a Galicia moitas palabras e influencias doutros países. Palabras de orixe inglesa, xermánica e tamén de Francia (camiño azul no mapa de abaixo).

O noso país comprende varias nacionalidades e idiomas recoñecidos. A súa diversidade é unha riqueza cultural a protexer, xa que as linguas deféndense falándoas.

Mira este mapa que está en lingua alemá.



Pódense adiviñar moitos países da contorna porque teñen linguas parecidas á nosa como por exemplo: "**FRANKREICH**", Francia ou "**ITALIEN**", Italia.

Outros países teñen linguas moi distintas á nosa e non se adiviñan como por exemplo: **DEUTSCHELAND**, **Alemaña**, onde falan alemán, ou "**OSTOREICH**", **Austria**, o seu país limítrofe onde falan

alemán. Outro tamén facendo fronteira con Alemaña é "**SCHWEIZ**", **Suiza**, onde falan catro linguas alemán, italiano, francés e romanche.

Que diverso é o camiño! Hai moreas de países polos que pasa. Ao entrar en Galicia de seguro vas atopar un feixe de xente distinta que o está a percorrer. Xentes que teñen uns sons e unhas falas diferentes como o portugués ou o castelán. Por outro lado, hai outras persoas que non ides entender nada por ter unhas linguas alleas á nosa como o francés, alemán ou inglés. Pero estas linguas non teñen por que impedir a vosa comunicación e comprensión.

Sabías que cando percorras o Camiño de Santiago por Galicia atoparás 3 formas de falar galego distintas?

Se dás ben os teus pasos, en moi pouco tempo poderás recoñecer as distintas variantes dos bloques dialectais do galego.

Que é o dialectalismo?

Antes desta viaxe, imos coñecer un pouco máis do que significa a palabra "dialectalismo". Para iso, temos que saber a diferenza entre **lingua** e **fala** ou dialecto.

Coñeces a diferenza entre linguas e dialectos?

A **lingua** é un código verbal natural usado polos membros dunha sociedade concreta, que está constituído por un variado repertorio de elementos e regras escollidas.

O **dialecto** ou **fala** é un sistema lingüístico derivado doutro, cunha limitación xeográfica concreta e sen diferenciación suficiente fronte a outros de orixe común.

As linguas da península ibérica son: o castelán, galego, portugués, éuscaro, catalán e inglés en Xibraltar.

Algúns dos dialectos do Castelán en América son: o español de Arxentina, de Chile, de Venezuela, de México, etc.

A guía do dialectalismo polo Camiño Francés de Santiago.

Vas ter a posibilidade de facer o Camiño de Santiago pasando polos tres bloques dialectais de Galicia. Verás a diversidade cultural e lingüística do noso país. Aquí tes un [mapa dos tres bloques dialectais](#)

Etapas 1: entrada en Galicia dende El Bierzo. O bloque oriental.

Comezas a túa ruta dende o bloque oriental ao leste de Galicia. Esta etapa atópase na **zona oriental** do galego que se fala ao longo da fronteira de Galicia con Asturias, León e Zamora. Esta é a zona máis afastada por ser montañosa e con costumes ancestrais como demostran as pallozas da zona.

CARACTERÍSTICAS DIALECTAIS DO BLOQUE ORIENTAL

Hai algúns trazos distintivos pero imos ver os máis comúns nesta zona do camiño.

- Plural de substantivos rematados en -ÓN como *pantalois.
- Outros trazos: ditongo ui ou vogal u (*muito ~ *muto)
- Conservase o -u- nos ditongos como *cuatro* e *cuando
- Terminación de nomes -in en *camín, *sobrín e diminutivos "iño" como *pasín *pequenín
- Terminación -is na 2ª persoa de plural dos verbos (*cantais, *coméis, *veis)
- Ausencia de *gheada e *seseo.

Non hai diferenzas de son como a gheada ou o seseo nesta zona pero hai diferenzas de palabras completas como o emprego do "te" ou o "che". En Galicia non hai problemas na fala con estes dous empregos dos pronomes. Pero hai dúas excepcións e o chamado "teísmo", que emprega sempre o "te" sempre, aparece no sur deste bloque dialectal. O "cheísmo" é o proceso oposto empregando sempre "che" pero só se da no norte do bloque occidental.

Etapas 2: o Camiño polo bloque central galego.

CARACTERÍSTICAS DIALECTAIS DO BLOQUE CENTRAL

- Plural *pantalós.
- Fan o ditongo oi (moito) normativo, non empregan ui*
- sen seseo, dicen "cereixa", que é normativo
- Teñen gheada só na zona máis occidental e no sur. Din gato e *ghato
- Empregan a terminación -ao (*irmao, *chao) e -a (irmá, mazá), para nomes rematados en -n
- Nos verbos da 2ª conjugación empregan a normativa (colliches) e non (*colleches), do bloque occidental.

Mira os cambios dialectais do bloque central, notarás un cambio menos drástico co galego normativo. Así despois de facer algunhas das actividades propostas veremos que o lugar con máis porcentaxe de galego normativo é o concello da Lama neste bloque dialectal.

Etapa 3: chegada a Santiago e a Fisterra. Bloque occidental.

Esta etapa atópase na zona occidental do galego que se fala ao longo da costa no océano atlántico. Hai algúns trazos distintos pero imos ver algúns semellantes desta zona do camiño.

CARACTERÍSTICAS DIALECTAIS DO BLOQUE OCCIDENTAL


- Plural dos nomes rematados en -óns: pantalóns.
- Teñen seseo dicindo *sapatos ou *cosiña de maneira completa ou parcial
- Teñen gheada empregando *ghando por gando ou *apaghar,
- Teñen a terminación -án para masc. e fem. (o irmán ~ a *irmán),
- vogal temática -e- en ti *colleches~ti *collestes en troque da normativa colliches.

Lembra que o **galego normativo** foi a norma que se acordou de todas as variantes dialectais que se falan en Galicia e é a que se aspira a empregar nos medios de comunicación, administración e educación

Construción de palabras – Separación de palabras

Á hora de formar unha palabra hai varios aspectos que debemos ter en conta, especialmente a raíz dunha palabra, **lexemas** e os **morfemas**.



A raíz: denominamos raíz á parte mínima dunha palabra que nunca cambia e permanece invariable independentemente dos morfemas que se lle engada.



O modo de comprobar cal é a raíz dunha palabra sería crear unha familia léxica dela, é dicir, buscar palabras que deriven desa inicial que teñen relación no seu significado (por exemplo: mar, mariñeiro, marítimo, ultramar... o fragmento de palabra que non cambia en todas sería mar)

O lexema sería o conxunto mínimo con significado propio. Moitas veces este lexema non coincide coa raíz da palabra. Un exemplo claro disto sería a palabra “casa”, cuxa raíz sería “cas-” e de por si mesma non ten significado propio. Outro caso no cal a raíz e o lexema dunha palabra coinciden sería “pan”

Os morfemas serían os fragmentos de palabras que ao unirse á raíz dunha palabra engade significado. Estes morfemas poden ser tanto marcadores de xénero e número, prefixos e sufixos.




Nesta unidade didáctica centrámonos nos prefixos, sendo estes fragmentos que se engaden ao comezo dunha palabra que engade significado a esta.

Os **prefixos** a tratar serán os máis comúns e seguramente xa coñecido polo alumando tal como poden ser sub-, super-, mini-, de-/des-, a-, in-, ou quilo-. Tamén ante-, bi-, pre-, tele-. Estes prefixos teñen significado propio.

A **sílaba** é cada un dos golpes de voz que damos cando pronunciamos unha palabra. Todas as sílabas teñen como mínimo unha vogal.

Clasifícanse en monosílabas, se teñen unha soa sílaba; bisílabas, se dúas sílabas; trisílabas, se teñen tres sílabas e polisílabas se teñen catro ou máis.



O dígrafo nh

En galego, existe unha parella de letras moi usadas que cando van xuntas producen un son particular. A esta parella de letras que producen un son chámase dígrafo. Como se divide? Aquí tes un exemplo: algu-nha

Derivado disto trátanse tamén os contidos relacionados cos ditongos, dúas vogais que se pronuncian nunha mesma sílaba cando unha é aberta (a, e, o) e outra pechada átona (i, u), ou ambas pechadas.

Ditongos

Os ditongos fórmanse cando dúas vogais, unha forte e outra feble ou dúas febles, van xuntas nunha mesma sílaba.



- As **vogais fortes** son as letras a, e, o (truco, as máis redondiñas.
- As **vogais febles** son as letras i, u (outro truco, as que teñen picos cara arriba)

Exemplos de ditongo: camión, arteiro, choiva...

Afóndase nos contidos dos ditongos ao engadir a clasificación deste como:

- Crecentes (un ditongo cunha vogal aberta seguida dunha pechada, como pode ser ai, eu, ou)
- Decrecentes (unha vogal pechada seguida doutra aberta, por exemplo ia, oe, ua)
- Homoxéneos (dúas vogais pechadas sempre e cando ningunha delas leve til, é dicir, iu e ui).

Sobre acentuación

- Se a palabra leva acento gráfico, será na vogal forte.
- Se a vogal feble leva acento gráfico, non será un ditongo.
- Dúas vogais fortes nunca forman un ditongo.

Diferenza entre textos literarios e informativos

Textos literarios: os textos literarios contan historias que fan voar a túa imaxinación. Xa sexan contos de fadas, poesías ou romances.

Textos informativos: os textos informativos axúdanche a aprender e a entender o mundo que che rodea. Podes atopalos en revistas, xornais e libros. Neles atoparás información e feitos que che ensinarán cousas novas sobre ciencia, historia, tecnoloxía...

Os dous son importantes: os literarios fanche soñar e gozar da lectura. Os informativos axúdanche a aprender e a medrar.


O substantivo.

Neste apartado imos afondar nos niveis dos substantivos. Comprender estes niveis vai ser clave para poder desenvolver unha experiencia personalizada na escritura e confrontar desafíos a medida que avanzas no curso.

Os **substantivos** (ou *nomes*) son aquelas palabras que nos permiten nomear ás persoas (*Antía, Xacobe*), aos animais (*vaca, gato*), as cousas (*caderno, estoxo*) e ás ideas (*felicidade, tristeza*).

Tipos e a súa clasificación

Os substantivos podémolos clasificar da seguinte maneira:



A continuación imos ver polo miúdo esta clasificación.

- **Os substantivos propios:** son os substantivos que nos permiten diferenciar ás persoas, obxectos, etc, de outras. Os nomes das persoas ou cidades son substantivos propios e sempre se escriben con maiúscula. *Por exemplo: Santiago de Compostela, Xián, Artai entre outros.*
- **Os substantivos comúns:** nomean un obxecto, ser, idea, sen diferencialo dos da súa mesma clase. *Por exemplo: nena, can, coche, felicidade e moitos máis.*
- **Substantivos abstractos:** son aqueles que non podemos percibir cos sentidos, son as ideas, pensamentos ou sentimentos. *Por exemplo: felicidade, tristeza, vergoña, alegría entre outros.*
- **Substantivos concretos:** son aqueles que podemos percibir cos sentidos. *Por exemplo: casa, pupitre, estoxo, caderno e moitos máis.*
- **Substantivos incontables:** son aqueles que non podemos enumerar ou contar. *Por exemplo: azucre, fariña, aceite, area, entre outros.*

- **Substantivos contables:** van a ser todos aqueles que podemos contar ou enumerar. *Por exemplo: tixola, culler, coitelo, garfo, e moitos máis*
- **Substantivos individuais:** van a ser aqueles que so designan a un ser ou obxecto. *Por exemplo: abella, peixe, ovella, pano, entre outros.*
- **Substantivos colectivos:** son aqueles que en singular, designan un conxunto de seres ou obxectos. *Por exemplo: enxame, cardume, manda, rabaño, e moitos máis.*

Regras ortográficas.


A acentuación.

As regras de ortografía son aquelas normas que regulan a nosa escritura, estas normas permítenos escribir correctamente. Indícanos cando temos que poñer un punto, unha coma ou cando temos que empregar as maiúsculas e minúsculas. A continuación, veremos unha parte importante delas, a **acentuación**.

Como xa vimos, para realizar unha correcta acentuación deberemos ter en conta onde se atopa a sílaba tónica da palabra que imos acentuar. Recordade:

- Sílaba tónica no último lugar: palabra aguda.
- Sílaba tónica no penúltimo lugar: palabra grave.
- Sílaba tónica no antepenúltimo lugar: palabra esdrúxula.

Agudas. Son aquelas palabras que a súa sílaba tónica atópase na última posición (ca-mión). Estas palabras levan acento sempre e cando:



- Rematen en vogal: mazá, café, ventá.

Pan-ta-lón

- Rematen en -n: camión, común, pantalón.



- Rematen en -ns: almacéns, irmáns, corazóns.

- E non rematen en ditongo decrecente: españois, capitais, ademais.

Graves. Son aquelas palabras que a súa sílaba tónica atópase na penúltima posición (la-pis). Estas palabras levan acento sempre e cando:



- Non rematen en vogal, -n, -s ou -ns: réptil, difícil, móbil, bíceps.

Mí-sil



Esdrúxulas. Son aquelas palabras que a súa sílaba tónica atópase na antepenúltima posición (**s**ílaba).

L M X J V **S** P

Sá-ba-do



- Estas palabras sempre van levar acento gráfico: **t**ónica, **X**úpiter, **ú**ltimo **m**áquina.

Maiúsculas e minúsculas.

Cando temos que empregar as maiúsculas?

- Cando comezamos un escrito ou detrás dun punto:

Onte pola noite non te vin. **Q**uedamos para dar unha volta mañá?

- Cando escribimos un substantivo propio (nome de persoa, cidade, animal):

Betanzos, **N**aia, **E**rea, etc.

Cando temos que empregar as minúsculas?

- En todo o resto de tipos de palabras sempre e cando non comeceñ oración.

Atribución dos recursos incorporados ao documento

Recursos incorporados por orde de aparición e páxina:

Páxina 3: Elaboración propia (proxecto cREAgal) a partir de pictogramas de ARASAAC. programa.png (CC BY-NC-SA 4.0)

Páxina 4: Elaboración propia (proxecto cREAgal) a partir de pictogramas de ARASAAC. Elementos de comunicación(CC BY-NC-SA 4.0)

Páxina 5: Archivo de la catedral de Santiago de Compostela. Códice Calixtino (CC BY 2.0)

Páxina 7: Karte der Jakobswege in Westeuropa. Manfred Zentgraf, Volkach, Germany. Wikimedia Commons. (CC-BY-SA)

Páxina 11: Elaboración propia (proxecto cREAgal). Esquema. (CC BY-NC-SA 4.0)

Os símbolos pictográficos identificados como Pictogramas de Arasaac son propiedade do Goberno de Aragón e foron creados por Sergio Palao para ARASAAC (<http://www.arasaac.org>), que os distribúe baixo Licenza Creative Common BY-NC-SA.



“Resumo de contidos: Somos persoas instrutoras!”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)